

## Os vellos oficios (II)

ROSINA MARTÍNEZ BARRAL\*

### O COPETEIRO

Aquí aparece un especializado  
poida que algúns o encontren algo extraño  
pois pensan que esa é cousa moi moderna  
cando é más vella que nace-la herba.


Que o copeteiro é un especializado  
é moi certo, ninguén pode negalo,  
fai copetas en moitas variedades  
pois así serve máis necesidades.

Se lle pos un ariño fai un cesto  
se é grande e alongada unha maseira  
se ó neno hai que bañar serve de baño  
e ó rio van elas todo o ano.

Os albañiles usan pro traballo  
as copetas pra carretar as masas,  
o mainzo debúllase, e costume

é, cando vellas, quéimanse no  
lume.

Hoxe esta artesanía vai  
pasando  
como moitas que o tempo vai  
cambeando  
mais o recordo de este  
oficio queda  
e de quen a ese traballo  
fixo entrega.



\* Rosina Martínez Barral, betanzense, pertence a unha familia de artistas, historiadores e literatos, mantendo da súa tradición de traves. So da pintura do debuxo e da poesía. Estes dibuxos foron donados pola autora ó Museo das Mariñas.

## A COSTUREIRA

*Coa máquina cargada a costureira  
de casa en casa pola vida vai,  
levándolle a todos os tesouros  
que van agromando da sua fina man.*

*O mesmo fai cirolas ó volito  
que remonta un calzón escalazado  
ou fai unhas batiñas con laciñas  
que as nenas levarán moi garridiñas.*

*Sorrindo sempre a tódolos encargos  
o mesmo que un saquete pro muíño  
amaña un vestidiño pro santiño.*

*Ela sempre cosendo sen descanso  
á luz do día ou alumeada cun candil,  
unha monteira aquí, ali un mandil.*



## O GAITERO

*Coa su gaita  
vai o gaiteiro  
repinicando sobre o punteiro  
as alboradas e riveiranas  
co vento leva polos camiños  
e resoando van entre os pinos.*

*Coa sua gaita  
sempre o gaiteiro  
vai recorrendo o mundo enteiro  
do fol sacando as melodías  
que hoxe dan penas mañá alegrias  
¡non son iguales tódolos días!*

*Coa sua gaita  
sigue o gaiteiro  
acompañando tódolos tempos  
que anque semelle que está morrendo  
a raza é forte e inda ten folgos  
pra ir rexurdindo con bríos novos.*



## A PANADEIRA

*Un día e outro día peneirando  
e sempre enfariñada toda está  
a masa fai e así que levedece  
ó forno leva a cocerse o pan.*

*Co faco cargadiño de moletes  
a panadeira por camiños vai  
e ó paso van saíndolle as mulleres  
pra lle mercar o pan.*

*Despois de deixar bolos nas tabernas  
á feira chega ó fin en donde están  
agardándolle as suas parroquianas  
que o molete á casiña levarán.*

*Acabado o trafego polos mesmos  
camiños por que foi ha de tornar  
sentada sobre do seu cabaliño  
a volta colle axiña para o lar.*

*Vai con moito mediño a coitadiña  
pois por montes e chousas ha pasar  
e pode haber algúin desconcienciado  
que os seis cartiños lle queira quitar.*



## O PENEIREIRO

*De tódolos inventos  
que polo mundo van  
por vello e necesarios, o mellor  
é aquel co peneireiro fai.*

*Hoxe a ninguén lle extraña  
ver da peneira a maña  
pero en tempos que nos non coñecemos  
comeríase un pan que hoxe non vemos.  
¡Qué asombro causaría  
ver nun lado quedarse alí o salvado  
e noutro, branca e fina,  
fose xuntando pilá de fariña!*

*¡Qué bocado de reises  
o primeiro molete non sería  
tan branquiño e triscando  
que proba-lo quixeras a porfía!*

*Por feiras e mercados  
o peneireiro leva a mercancía  
e como fai cen anos  
segue servindo pra cerner fariña.*

*Anque pareza extraño  
outras virtudes a peneira ten  
se consultarle queres un segredo  
acertarache mellor que ninguén.*



## O ZOQUEIRO

*Dos oficios que petan  
no mundo enteiro,  
está entre os primeiros  
o de zoqueiro*

*¡Qué sería dos tenros  
pes dos neníños  
non estando a cuberto  
nunhos zoquiños?*

*¡Cantos pes magoados  
e cantos esfolados  
de andar zoupando  
polos camiños!*

*¡E moitos espiñados  
de pisar silvas  
e clavar toxos  
nas monterías!*

*E cando cae a neve  
maila xiada  
e faise pola terra  
gran lamugada,  
fria e noxenta,  
ninguén tanta friaxe resistiría  
que seguro baldado  
se quedaría.*

*Benia as mans que traballen  
facendo zocas e más zoquiños  
en onde os pes van quentes  
seguros e enxoitiños.*

